

Cuestionario Proust- Publicado no Cuaderno da Crítica, de Ramón Nicolás

O escritor e crítico Ramón Nicolás colle o cuestionario Proust e dánolo a mollar en té. Aquí o filtrado do meu té con bicas de Trives. No seu excelente blog caderno da crítica hai unha chea deles, de moita xente que escribe. Que somos lexión, as ya know.

E máis que virán.

Penso eu: «pacándo» un cuestionario Woolf? E un cuestionario Cunqueiro? E un cuestionario Chus Pato? Cada un coas preguntas-teima de cada un deles. Woolf preguntando polos teus primeiros lapis. Cunqueiro obsesionado con fetiches orientais. E así... Anímenseme...



1.- Principal trazo do seu carácter?

– Curiosidade. Obsesivocompulsiva

2.- Que calidade aprecia máis nas persoas?

– O seu sentido do asombro e o do humor. Que, penso, van trezados.

3.- Que agarda das súas amizades?

– Nada. A boa hora serían amizades, se non!

Das amizades por interese agardo moitas cousas: cartos, sexo e coñecemento, principalmente.

Das primeiras teño apenas.

4.- A súa principal eiva?

– A introversión nun sistema social armado para extrovertidos.

5.- A súa ocupación favorita?

– Mirar estrelas

Mirar animais. Xente incluída

Trituralos a todos e escribilos

6.- O seu ideal de felicidade?

– Un convento de monxas con telescopios. E con Y.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Fáltanme valor e verba para escribir iso.

8.– Que lle gustaría ser?

– Cosmonauta contista; e rusa ademais.

9.– En que país desexaría vivir?

– En órbita. Coido que xa vivimos un pouco en órbita. Non me vai moito o de pensar o mundo en países, pese a que si creo na intervención política decisiva a outros niveis.

10.– A súa cor favorita?

– Amarela. Dentro dun ollo humano, mellor.

11. – A flor que máis lle gusta?

– Uz. Dá un mel de primeira.

12.– O paxaro que prefire?

– Baina honela, ez zen gehiago txoria izango.

Eta nik txoria nuen maite.

13.– A súa devoción na prosa?

– A poesía disfrazada de prosa de Clarice Lispector.

14.– E na poesía?

– Centos de versos de autorxs distintxs que forman unha monstra peluda, moi radioactiva.

15-. Un libro?

Ese que, cando o moves do seu andel, abre o pasadizo secreto na parede [Nos meus andeis ese cometido é sempre dalgún libro de El Gaviero ou dunha revista mutante Salamandria].

16.– Un heroe de ficción? – Nemo.

17.– Unha heroína? – Orlando.

- 18.– A súa música favorita?** – O silencio previo a que soe unha desas músicas favoritas. O falar íntimo dunha voz que me guste.
- 19.– Na pintura?** – Pegadas da man en negativo hai 35.000 anos, nas covas.
- 20.– Un heroe ou heroína na vida real?** – Os que, malia o intento de suicidio, o lorazepam, o cancro ou a pobreza, tiraron para adiante. Os que protestan de xeito contundente. Os que desafían e mutan ideas. Os que non se colgan medallas por facelo.
- 21.– O seu nome favorito?** – Pandora. Marusía.
- 22.– Que hábito alleo non soporta?** – A suspicacia ante quen obra fóra dos marcos do “esperable”.
- 23.– O que máis odia?** – Aferrarse a certezas sen evidencias. Pedantería. Clasismo. Poder mesquiño, envexoso. Vitimismo deshonesto. A tortura.
- 24.– A figura histórica que máis despreza?** – O meteorito que disque causou a gran extinción do Pérmico. Heille pintar un bigotiño nun libro de historia.
- 25.– Un feito militar que admire?** – Esa estratexia dalgunhas células primixenias de sitiar o ADN cunha membrana nuclear. Tan pequenas e xa tan perversas!
- 26.– Que don natural lle gustaría ter?** – Falar lobo. Falar fotón. Falar enerxía escura.
- 27.– De que maneira lle gustaría morrer?** Afogada na auga. Ou nun incendio. As típicas.
- 28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?** – Melancorretranqueiro.
- 29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?** – Os da xente apaixonadamente torpe e asocial
- 30.– Un lema na súa vida?** Non teño lemas, que eu lembre. De cando en vez doume un *Eureka!* seguido dunha torta, non vaia ser.

* * * * *

Máis tests Voight-Kampf similares a este [ou moi distintos] [espetando un clic aquí](#).



FOTO DE SANDRA G. REY. CANDA OS CASTIÑEIROS E O GATO ENTERRADO